

## Presentación da materia/módulo

|                         |                    |                      |                    |
|-------------------------|--------------------|----------------------|--------------------|
| <b>Materia / Módulo</b> | <b>Matemáticas</b> | <b>Curso / Ciclo</b> | <b>2024 - 2025</b> |
|                         |                    |                      | <b>2º ESO</b>      |

### CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

|               |                                                                                          |
|---------------|------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Tema 0</b> | Actitudes e técnicas no desenvolvemento matemático. Matemáticas para a vida en sociedade |
|---------------|------------------------------------------------------------------------------------------|

|                      |                                                                                                                                               |
|----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1ª Avaliación</b> | 1. Números enteros<br>2. Fraccións e decimais<br>3. Potencias e raíces<br>4. Proporcionalidade e porcentaxes                                  |
| <b>2ª Avaliación</b> | 5. Linguaxe alxébrica. Identidades.<br>6. Ecuacións e sistemas<br>7. Funcións. Táboas e gráficas                                              |
| <b>3ª Avaliación</b> | 8. Sistemas de medida<br>9. Lonxitudes e árees<br>10. Corpos xeométricos (Figuras no plano e no espacio)<br>11. Semellanza<br>12. Estatística |

### PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

| <b>Instrumentos:</b>                 | <b>Peso %</b> |
|--------------------------------------|---------------|
| Probas escritas                      | 90 %          |
| Actitudes/Técnicas/Traballos/Tarefas | 10%           |

#### Criterios:

- Ao longo do curso e para cada unha das tres avaliacións realizaranse as seguintes probas escritas, todas elas puntuadas sobre 9:
  - 1 ou máis controis por avaliación
  - 1 exame de avaliación (representado por  $E_1$ ,  $E_2$  e  $E_3$  respectivamente) sobre toda a materia traballada **dende o principio de curso** ata a data da realización de dito exame.
- Ao longo do curso e tamén para cada unha das tres avaliacións valorarase a actitude, a conduta o traballo e a realización de tarefas puntuados sobre 1.
- Para cada avaliación ponderarase o exame de avaliación sobre os controis. No caso de realizar máis de un control, farase a media aritmética deles (e se representará por C). A puntuación do exame (E) será sobre da media dos controis (C).

Calcularase así unha nota de probas escritas (P) : 
$$P = \frac{2}{3} \cdot E + \frac{1}{3} \cdot C$$

- A cualificación de cada avaliación parcial (1ª, 2ª e 3ª avaliación), obterase da suma da nota de actitude/técnicas/traballos/tarefas, T, máis a nota de probas P.

$$B = T + P$$

– Cualificación na avaliación final da materia

- A puntuación obtida na media ponderada da seguinte maneira:  $M = 0,20 \cdot B_1 + 0,30 \cdot B_2 + 0,50 \cdot B_3$  servirá para determinar a cualificación final do alumnado.
- Os alumnos/as que obteñan 5 ou máis puntos usando a media ponderada anterior (M) terán superada a materia con esa cualificación na avaliación final.
- Os alumnos que obteñan menos de 5 puntos usando a media ponderada anterior (M) necesitarán recuperar toda a materia. O instrumento para recuperala será unha proba escrita (P) sobre os contidos de todo o curso puntuada sobre 10 puntos.
  - Si na proba escrita P, obtiveran 5 o máis puntos terán superada a materia. A súa cualificación na avaliación final será o máximo de estes dous valores: 5,  $\frac{M+P}{2}$
  - Si na proba escrita P, obtiveran menos de 5 puntos no terán a materia superada e a súa cualificación na avaliación final será o máximo de estes dous valores: M, P

No caso de detectar que se copia nunha proba, traballo ou tarefa por calquera medio, será cualificado con 0 puntos nela.